

## ACTA

<b>Expediente nº:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
JGL/2022/15	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	19 de maio de 2022
<b>Duración</b>	Dende as 13:16 ata as 13:30 horas
<b>Lugar</b>	Sala de Reunións
<b>Presidida por</b>	Manuel Cuiña Fernández
<b>Secretario</b>	María Fernanda Montero Parapar
<b>Interventor</b>	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77404245E	Angela Troitiño Gil	SÍ
76801683Z	Antonio Ferro Losada	SÍ
35251841V	Jesús Taboada Lázara	SÍ
76816828W	Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

## A) PARTE RESOLUTIVA

**Aprobación da acta da sesión anterior: 12.05.2022**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 12

de maio de 2022.

**Expediente 679/2022. Contratacións. Afirmado de camiños municipais. Liña 1 Plan Concellos 2022-2023.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto Resolución de concesión de subvención concedida pola Deputación de Pontevedra ao abeiro das BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVICIOS (PLAN CONCELLOS) NA SÚA LIÑA 1, publicada no BOPPO de 27 de novembro de 2021, por importe de 1.248.132,72 € para a execución da obra denominada "Afirmado de camiños municipais de Silleda" (expte. 2022011490).

Visto o Proxecto redactado polo enxeñeiro Román Gómez Fraiz denominado: "Afirmado de camiños municipais de Silleda" por importe de 1.031.514,65 € euros máis 216.618,08 € euros de IVE (total 1.248.132,72 €).

Visto o Informe emitido polo técnico municipal Lino M. Doporto Framil, data 28/02/2022 sobre a procedencia de solicitar autorizacións sectoriais e o cumprimento da normativa urbanística.

Constando as seguintes autorizacións sectoriais incorporadas ao expediente:

- Autorización da Axencia Galega de Infraestruturas. Consellería de Infraestruturas e Mobilidade de data 25/03/2022 (RE 1145/2022).
- Autorización da Dirección Xeral de Estradas en Galicia. Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana de data 29/04/2022 (RE 1604/2022).
- Autorización da Deputación de Pontevedra de data 07/03/2022. Estrada 6510. Camiño Lamela- Moalde- Senra. PQ.:3+5000 MD.
- Autorización da Deputación de Pontevedra de data 07/03/2022. Estrada 6504. Negreiros-Carboeiro. PQ.: 5+000 M.E.
- Autorización da Deputación de Pontevedra de data 07/03/2022. Estrada 7201. Cachafeiro-Silleda. PQ.: 16+630 M.D.
- Consta presentada en Augas de Galicia a declaración responsable por actuacións menores no dominio público hidráulico e zona de policía en data 24/02/2022.
- Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 22/04/2022 (RE 1516/2022).

Visto o informe de supervisión do proxecto elaborado polo arquitecto municipal Lino M. Doporto Framil, en data 06/05/2022. Así como informe da técnica municipal Ana Castiñeiras Lesende de cumprimento da normativa urbanística, de data 05/05/2022.

Constando informe xurídico número 49/2022, de data 05 de maio, da Secretaría da Corporación.

Polo exposto, previo ditame da Comisión Especial de Contas e Informativa de Economía, Facenda, Réxime Interior, Seguridade e Tráfico, e Grandes Proxectos, celebrada o 16 de maio de 2022, a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobalo “Proxecto de afirmado de camiños municipais de Silleda” por importe de 1.031.514,65 € euros máis 216.618,08 € euros de IVE (total 1.248.132,72 €), nos termos do artigo 233 Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, e de conformidade coa da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Segundo.- Que se proceda a efectuar o replánteo do Proxecto para a súa incorporación ao expediente de contratación.

#### **Expediente 680/2022. Contratacións. Afirmado de camiños municipais. Liña 1 Plan Concellos 2022-2023.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto Resolución de concesión de subvención concedida pola Deputación de Pontevedra ao abeiro das BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVICIOS (PLAN CONCELLOS) NA SÚA LIÑA 1, publicada no BOPPO de 27 de novembro de 2021, por importe de 1.248.132,72 € para a execución da obra denominada “Afirmado de camiños municipais de Silleda” (expte. 2022011490).

Visto o Proxecto redactado polo enxeñeiro Román Gómez Fraiz denominado: “Afirmado de camiños municipais de Silleda” por importe de 1.031.514,65 € euros máis 216.618,08 € euros de IVE (total 1.248.132,72 €).

Visto o Informe emitido polo técnico municipal Lino M. Doporto Framil, data 28/02/2022 sobre a procedencia de solicitar autorizacións sectoriais e o cumprimento da normativa urbanística.

Constando as seguintes autorizacións sectoriais incorporadas ao expediente:

- Autorización da Axencia Galega de Infraestruturas. Consellería de Infraestruturas e Mobilidade de data 25/03/2022 (RE 1145/2022).
- Autorización da Dirección Xeral de Estradas en Galicia. Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana de data 29/04/2022 (RE 1604/2022).
- Autorización da Deputación de Pontevedra de data 07/03/2022. Estrada 6510. Camiño Lamela- Moalde- Senra. PQ.:3+5000 MD.
- Autorización da Deputación de Pontevedra de data 07/03/2022. Estrada 6504. Negreiros-Carboeiro. PQ.: 5+000 M.E.

- Autorización da Deputación de Pontevedra de data 07/03/2022. Estrada 7201. Cachafeiro-Silleda. PQ.: 16+630 M.D.
- Consta presentada en Augas de Galicia a declaración responsable por actuacións menores no dominio público hidráulico e zona de policía en data 24/02/2022.
- Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 22/04/2022 (RE 1516/2022).

Visto o informe de supervisión do proxecto elaborado polo arquitecto municipal Lino M. Doporto Framil, en data 06/05/2022. Así como informe da técnica municipal Ana Castiñeiras Lesende de cumprimento da normativa urbanística, de data 05/05/2022.

Constando informe xurídico número 49/2022, de data 05 de maio, da Secretaría da Corporación.

Asinada Acta de comprobación previa o día 25/02/2022.

Vista a proposta de ditame pola Comisión Especial Contas e informativa de economía, facenda, réxime interior, seguridade e tráfico, e grandes proxectos de aprobación do proxecto de obra.

Vista a necesidade de iniciar o procedemento de contratación desta obra que ten por obxecto a mellora dos camiños rurais da zona delimitada titularidade do Concello de Silleda, cuxo mantemento entra dentro dos servizos mínimos obrigatorios que ten que prestar este Concello aos seus veciños,

Polo exposto, previo ditame da Comisión Especial de Contas e Informativa de Economía, Facenda, Réxime Interior, Seguridade e Tráfico, e Grandes Proxectos, celebrada o 16 de maio de 2022, a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Iniciar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria, do contrato de execución da obra denominada "Afirmado de camiños municipais de Silleda" por importe de 1.031.514,65 € euros máis 216.618,08 € euros de IVE (total 1.248.132,72 €).

SEGUNDO. Que se incorpore a este expediente o documento contable que acredita a retención de crédito para a contratación desta obra por importe de 1.248.132,72 euros.

TERCEIRO.- Que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

CUARTO.- Que por parte da Secretaría municipal se proceda a emitir informe xurídico preceptivo na aprobación do expediente de contratación, de conformidade co previsto no apartado 8 da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

QUINTO.- Que por parte da Intervención deste Concello se proceda á fiscalización do contido

de ditos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, aos efectos previstos no apartado 3 da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

SEXTO.- Que se someta a aprobación o proxecto con carácter previo á aprobación do expediente de contratación e á apertura do procedemento licitatorio.

SÉTIMO.- Unha vez completado o expediente deberase someter a súa aprobación e dispoñer a apertura da licitación ao órgano de contratación, de conformidade co disposto no artigo 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**Expediente 118/2021. Contratacións. “CONTRATO DEL SERVICIO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E XESTIÓN DO PUNTO LIMPO NO CONCELLO DE SILLEDA”.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de inicio da contratación do presente servizo de data 16/04/2021.

En data 21/04/2021 por acordo do Pleno da Corporación apróbase o inicio do expediente de contratación por procedemento aberto, e regulación harmonizada.

Constando no expediente o estudo de viabilidade do servizo de data 20/09/2021, elaborado polo enxeñeiro Román Gómez Fraiz.

Vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán este procedemento de contratación e de prescricións técnicas.

Constando no expediente informe de secretaría nº 82/2021 de 20 de outubro, e informe de intervención nº 65 de data 20/10/2021 no que se establece que se tramitará anticipadamente o gasto.

Visto que o artigo 159 sinala que os órganos de contratación poderán acordar a utilización dun procedemento aberto nos contratos de servizos.

Sometido a aprobación da Xunta de Goberno Local, previo ditame favorable da Comisión Informativa correspondente o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria, regulación harmonizada e acordada a apertura do procedemento de licitación, no prazo establecido presentáronse as seguintes proposicións que foron aceptadas pola mesa de contratación en sesión celebrada o 14/12/2021:

- URBASER, S.A., con C.I.F. Nº A79524054

- S.A DE GESTIÓN DE SERVICIOS Y CONSERVACIÓN, GESECO e CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L., con CIF Nº A81527095 e B36052876 respectivamente.

- SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS, S.L.U, con CIF N.º B27154731

Vista a acta da Mesa de contratación celebrada o 14/12/2021, correspondente a apertura da documentación contida no sobre B, acordando remitir a mesma ao Enxeñeiro de Camiños C e P., redactor do proxecto, Román Gómez Fraiz, a fin de que sexa emitido informe coa valoración correspondente.

Vista a acta da Mesa de contratación celebrada o 12/01/2022, na que se da conta do informe de valoración dos criterios avaliados mediante xuízos de valor, emitido polo Enxeñeiro de Camiños C e P., redactor do proxecto, Román Gómez Fraiz, e a acta da Mesa de Contratación, da sesión celebrada en data 13/01/2022, na que se procedeu á apertura das proposicións económicas contidas no sobre C así como a documentación cuantificable de forma automática, que contén o acordo da Mesa de remitir ao técnico a documentación aportada xunto coa oferta económica ao técnico redactor dos pregos de prescricións técnicas e do estudo de viabilidade para a emisión de informe no que deixe constancia que a documentación presentada cumpre o establecido no apartado 12 do anexo I do PCAP.

En data 19 de xaneiro de 2022, reunida a Mesa de novo, dáse conta do informe do técnico Román Gómez Fraiz, de data 17/01/2022, no que da a súa conformidade a documentación aportada polas empresas, e se procede á valoración das proposicións económicas contidas no sobre C así como a documentación cuantificable de forma automática co seguinte resultado:

EMPRESA	Valoración Sobre C				TOTAL
	Prezo ofertado	Melloras			
		Nº 1	Nº2	Nº3	
<b>URBASER, S.A.</b>	34,978	10	7	3	95,978
<b>S.A DE GESTIÓN DE SERVICIOS Y CONSERVACIÓN, GESECO e CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.,</b>	35,00	10	7	3	99,50
<b>SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS, S.L.U</b>	34,995	10	7	3	97,495

Unha vez valorados todos os criterios, as puntuacións finais quedan da seguinte maneira:

EMPRESA	Valoración Sobre B	Valoración Sobre C				TOTAL
		Prezo ofertado	Melloras			
			Nº 1	Nº2	Nº3	
<b>URBASER, S.A.</b>	41,00	34,978	10	7	3	95,978
<b>S.A DE GESTIÓN DE SERVICIOS Y CONSERVACIÓN, GESECO</b>	44,50	35,00	10	7	3	99,50

<b>e CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.,</b>						
<b>SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS, S.L.U</b>	42,50	34,995	10	7	3	97,495

Obtendo a mellor oferta unha puntuación total de 99,50 puntos a mesa de contratación de conformidade co establecido no artigo 157 da LCSP, propón ao Órgano de Contratación como adxudicataria do contrato de servizos denominado “CONTRATO DEL SERVICIO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E XESTIÓN DO PUNTO LIMPO NO CONCELLO DE SILLEDA”, á UTE S.A DE GESTIÓN DE SERVICIOS Y CONSERVACIÓN, GESECO e CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.

Aceptada polo órgano de contratación a proposta da Mesa e realizado o requirimento de documentación á UTE en cumprimento do disposto no artigo 150 da LCSP, presentada en data 17/02/2022, e tras o informe emitido pola Secretaría da Corporación e polo técnico redactor dos pregos de prescricións técnicas, réunese de novo a Mesa de Contratación en data 08/03/2022, rexeitando a oferta presentada pola UTE ao entender que unha das empresas que a ía a constituír, CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L., carece de capacidade de obrar, por non atoparse as prestacións do contrato dentro dos seus fins, obxecto social ou ámbito de actividade, a tenor dos seus estatutos ou regras fundacionais.

Polo que a Mesa lle propón ao órgano de contratación declarala oferta da UTE GESECO – TABOADA Y RAMOS SL excluída do presente procedemento de contratación e proceder a requirirle a mesma documentación ao licitador seguinte, polo orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

Adoptado o acordo pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 17/03/2022, e notificado aos interesados, preséntase no Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia recurso especial en materia de contratación, polas empresas en compromiso de unión temporal, SA DE GESTIÓN DE SERVICIOS Y CONSERVACIÓN, GESECO, e CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL, contra a súa exclusión da contratación.

En data 05/05/2022 o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, emite Resolución número 84/2022, no que estima o recurso presentado.

Visto o informe de Intervención de fiscalización de data 09 de maio de 2022.

Polo exposto, previo ditame da Comisión Especial de Contas e Informativa de Economía, Facenda, Réxime Interior, Seguridade e Tráfico, e Grandes Proxectos, celebrada o 16 de maio de 2022, a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Adxudicar a UTE SA DE GESTIÓN DE SERVICIOS Y CONSERVACIÓN, GESECO, con CIF A-81527095 e CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL con CIF B-36052876 o contrato de servizos denominado “CONTRATO DO SERVICIO DE RECOLLIDA E

TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E XESTIÓN DO PUNTO LIMPO NO CONCELLO DE SILLEDA” por importe de 357.350,09 euros/ano, mais 35.735,01 euros/ano de IVA (total: 393.085,10 euros/ano), ao sela empresa que presentou a oferta economicamente mais vantaxosa, como constan nos antecedentes deste acordo.

Comprometéndose a executar as melloras recollidas no prego de cláusulas administrativas:

1ª.- Realización dun control de calidade do servizo por medio dunha empresa externa, por un importe anual de 5.000 euros, sin IVA.

2ª.- Implantación de composteiros domésticos individuais na zona rural do Concello de Silleda, nun total de 300 unidades.

3ª.- Achega de contedores de carga superior tipo igloo metálico de 3 m3 para a recollida de papel-cartón, nun total de 10 unidades.

Segundo.- Dispor o gasto por importe de 196.542,55 euros con cargo á aplicación 16221-22799 do Orzamento municipal para o exercicio de 2022.

Terceiro.- Notificar a SA DE GESTIÓN DE SERVICIOS Y CONSERVACIÓN, GESECO, e CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL adxudicataria do contrato, a presente Resolución, indicándolle que a formalización do contrato non terá lugar antes de quince días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos. Para a formalización do contrato deberá acreditarse a formalización en escritura pública da constitución da UTE.

Cuarto.- Publicar a formalización deste contrato no perfil do contratante do Concello de Silleda e na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Quinto.- O prazo máximo de execución deste contrato é de 10 anos, segundo o establecido no punto 7 do Anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares, a contar dende a data de inicio da prestación do servizo ofrecido. A data de inicio determinarase polos Servizos Técnicos Municipais trala firma do contrato, subscribíndose Acta de Inicio do Servizo (polos STM e polo representante da empresa adxudicataria).

**Expediente 370/2021. Contratacións. “PROCEDEMENTO ABERTO DE OBRA - NATURALMENTE NOSO: NOVO EDIFICIO ADMINISTRATIVO FRONTE A RUA MORÓN”.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o acordo do Pleno da Corporación Provincial adoptado en sesión extraordinaria de data 17/12/2021, de aprobación da concesión de subvención ao abeiro da convocatoria do programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-COVID -19, PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA ), expte. 2021025615, por importe de 713.249,55 euros.



Visto o proxecto denominado PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A NOVA CASA CONSISTORIAL DE SILLEDA (FASE I), redactado polo Arquitecto Abraham Castro Neira, de data setembro de 2021, por importe de 1.489.994,63 € mais 312.898,87 € de IVE, total 1.802.893,50 euros.

Visto o informe técnico que consta no expediente da que foi arquitecta municipal, María José García Fidalgo de data 02/07/2021.

Visto o informe de supervisión do proxecto emitido por Eugenio José Marcote Carballo en data 19/07/2021, técnicos do Servizo de Cooperación cos municipios da Deputación de Pontevedra.

Vista a autorización de AESA (expediente E21-3407) de data 12/08/2021.

Visto o informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural -Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade-, de data 16 de decembro de 2021.

Visto o Anexo o Proxecto – Modificación de Fachada, redactado polo Arquitecto Abraham Castro Neira, de data 27 de decembro de 2021.

Visto o informe xurídico de data 27 de decembro de 2021.

Aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión celebrada en data 05/01/2022, previo ditame da Comisión Especial de Contas e Informativa de Economía, Facenda, Réxime Interior, Seguridade e Tráfico, e Grandes Proxectos, celebrada o pasado 03 de xaneiro de 2022, o proxecto denominado PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A NOVA CASA CONSISTORIAL DE SILLEDA (FASE I), así como a seguinte documentación que forman parte do mesmo:

- Proxecto de instalacións para reforma interior e nova edificación do Concello de Silleda (Fase I), redactado polos Enxeiros Industriais Alba Arana López e Adrián Pérez Viveiro (We-Tec Estudio Técnico).

- Estudio Geotécnico, redactado por Enmacosa Consultoría Técnica, S.A.

- Anexo de proxecto, de data 27 de decembro de 2021, redactado polo Arquitecto Abraham Castro Neira.

Vista a acta de replánteo previo de data 19/01/2022.

Vista a Providencia de Alcaldía de data 17/01/2022 na que se dispón o inicio dos trámites oportunos para a tramitación do presente expediente.

Vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares asinados en data 19/01/2022.

Constando no expediente informe de secretaría nº 02/2022 de 19 de xaneiro, e informe de intervención nº 3, de data 19/01/2022 no que se establece que se tramitará anticipadamente o gasto, emitidos de conformidade co previsto no apartado 8 da Disposición Adicional Terceira da

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Sometido a aprobación da Xunta de Goberno Local o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria, e acordada a apertura do procedemento de licitación, no prazo establecido presentáronse as seguintes proposicións que foron aceptadas pola mesa de contratación en sesión celebrada o 25/02/2022:

- CITANIAS Obras y Servicios SLU, con C.I.F. N.º B-15675515
- CONSTRUCCIONES JESÚS NARAY, S.L., con C.I.F. N.º B-27156231
- UTE constituída por CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. con C.I.F. N.º B-32184558, y COVIASSTEC, S.L. con C.I.F. N.º B-32.240.210.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U., con C.I.F. N.º B-94181807
- DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS SL, con C.I.F. N.º B-70218185
- PROYECON GALICIA, S.A., con C.I.F. N.º A-32032039

Vista a acta da Mesa de contratación celebrada o 03/03/2022, na que revisada a documentación administrativa presentada polas empresas tras o requirimento efectuado ao efecto, procedeuse a apertura do sobre B, acordando remitir a documentación técnica suxeita a valoración subxectiva ó arquitecto redactor do proxecto, Abraham Castro Neira, a fin de que sexa emitido informe coa valoración correspondente.

Vista a acta da Mesa de contratación celebrada o 22/03/2022, na que se da conta do informe de valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor, emitido polo arquitecto en data 21/03/2022, e tras requirirle que incorpore a motivación da valoración, presenta novo informe en data 28/03/2022, que foi aceptado pola Mesa en data 29/03/2022, e publicados os resultados na Plataforma de Contratación do Sector Público, con carácter previo á apertura do sobre C, que tivo lugar en sesión de data 31/03/2021, adoptando o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar as proposicións presentadas polo seguinte orde decrecente, segundo as puntuacións obtidas por cada unha delas:

1. PROYECON GALICIA,S.A.: 94,00 puntos.
2. UTE CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.-COVIASSTEC, S.L. 93,02 puntos
3. CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U. 39,00 puntos
4. CITANIAS Obras y Servicios SLU: 30,67 puntos
5. CONSTRUCCIONES JESÚS NARAY, S.L.: 30,55 puntos.
6. DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS SL: 29,12

Segundo.- Propoñer ó órgano de contratación a adxudicación a PROYECON GALICIA,S.A. por ser a mellor oferta en relación calidade prezo, do contrato de obras denominado “NOVA CASA CONSISTORIAL DE SILLEDA – FASE I”.”

Visto que en data 04/04/2022 (RE 334/2022; 335/2022) polas empresas Construcciones Orega, SL e Coviastec, SL preséntase escrito manifestando a súa oposición á valoración dada a súa oferta pola Mesa de Contratación.

Visto o informe emitido en data 06/04/2022 polo arquitecto que valorou as ofertas presentadas polos licitadores e sometidas a xuízo de valor.

Visto o informe de Secretaría número 41/2022, de data 21 de abril, no que se propón a estimación parcial das alegacións presentadas, correspondéndolle a UTE CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.-COVIASSTEC, S.L un punto adicional por acreditar que si contaba co protocolo de fendas.

En data 21/04/2022 a Xunta de Goberno Local acordou estimar parcialmente as alegacións presentadas, pasando a obter a oferta da UTE unha puntuación total de 94,02 puntos, declárase así a mellor oferta, debéndose proceder a formular o preceptivo requirimento de documentación á citada empresa polo servizo técnico correspondente, con carácter previo a súa adxudicación no caso de que este sexa cumprimentado adecuadamente, todo isto de conformidade co disposto no parágrafo segundo do citado artigo 150 LCSP.

Formulado o preceptivo requirimento, e aportada a documentación pola UTE, revísase pola Mesa de Contratación en sesión de data 09/05/2022 informándoa favorablemente.

Visto o informe de Intervención de fiscalización de data 09/05/2022.

Polo exposto, previo ditame da Comisión Especial de Contas e Informativa de Economía, Facenda, Réxime Interior, Seguridade e Tráfico, e Grandes Proxectos, celebrada o 16 de maio de 2022, a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Adxudicar a UTE constituída por CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. con C.I.F. Nº B-32184558, y COVIASSTEC, S.L. con C.I.F. Nº B-32.240.210, o contrato de obras denominado “NATURALMENTE NOSO: NOVO EDIFICIO ADMINISTRATIVO FRONTE A RUA MORÓN” por importe de 1.345.465,15 euros (en número), ao que corresponde por IVE a contía de 282.547,68 euros, totalizándose a oferta en 1.628.012,83 euros, ao sela empresa que presentou a oferta economicamente mais vantaxosa, como constan nos antecedentes deste acordo.

Comprometéndose a executar as melloras recollidas no prego de cláusulas administrativas, relativas:

MELLORA CONSTRUCCIÓN ANEXA.

MELLORA DE AISLAMIENTOS E IMPERMEABILIZACIONES.

MELLORA DE ASCENSOR.

MELLORA DE ELEMENTOS DE ACCESIBILIDADE CON DETALLES EN LATÓN.

MELLORA DE MECANISMOS ELÉCTRICOS.

MELLORA DE PARKING

Segundo.- Dispor o gasto por importe de 1.628.012,83 euros con cargo á aplicación 933/622 do Orzamento municipal para o exercicio de 2022.

Terceiro.- Notificar a UTE CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. con C.I.F. Nº B-32184558, y COVIASSTEC, S.L. con C.I.F. Nº B-32.240.210, adxudicataria do contrato, a presente Resolución, indicándolle que a formalización do contrato terá lugar nun prazo máximo de 15 días, debéndose aportar con carácter previo a formalización en escritura pública da UTE. Así mesmo, a presente resolución notificarase a tódolos interesados.

Cuarto.- Publicar a formalización deste contrato no perfil do contratante do Concello de Silleda e na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Quinto.- O prazo máximo de execución desta obra é de 10,5 meses segundo o establecido no punto 7 do Anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares, a contar dende o día da firma da acta de comprobación do replánteo, non sendo susceptible de prórroga, sempre que estea aprobado o plan de seguridade e saúde, e se a Administración autoriza o inicio da obra.

A firma da acta de comprobación do replánteo non poderá ser superior a un mes dende a data da formalización deste contrato.

Sexto.- En aplicación do estudo básico de seguridade e saúde, que forma parte do proxecto, o contratista elaborará un plan de seguridade e saúde no traballo no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas no estudo ou estudo básico, en función do seu propio sistema de execución da obra.

Ao tratarse dunha obra contratada polo Concello, o plan, co correspondente informe do coordinador en materia de seguridade e de saúde durante a execución da obra (neste caso ao non ser necesaria a designación do coordinador, as funcións que se lle atribúen a este serán asumidas pola dirección da obra), elevarase para a súa aprobación ao órgano de contratación.

En todo caso, respecto do plan de seguridade e saúde nas obras de construción estarase ao disposto sobre este no RD. 1627/1997, do 24 de outubro.

Sétimo.- A comunicación da apertura do centro de traballo á autoridade laboral competente deberá ser previa ao comezo dos traballos e presentarse unicamente polo contratista.

A comunicación de apertura incluírá o plan de seguridade e saúde ao que se refire o artigo 7 do RD 1627/1997.

Oitavo.- O contratista terá a obrigaón de poñer, dende o inicio das obras ata a súa total terminación e comprobación material por parte da Deputación, un cartel informativo que indique que se trata dunha obra subvencionada pola institución provincial de conformidade coas bases reguladoras e convocatoria do programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-COVID-19, PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA). O cartel colocárase nun lugar suficientemente visible.

En [www.depo.gal](http://www.depo.gal) atópanse os modelos normalizados dos carteis e outras formas de publicidade que deben incluírse nos investimentos.

### **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

### **C) ROGOS E PREGUNTAS**

Non hai asuntos

## **DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**